




www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/gao-enxenaria-civil



Grao en Enxeñaría Civil



www.usc.gal



Enxeñaría Civil

Este Grao habilita para exercer a profesión regulada de Enxeñeiro Técnico en Obras Públicas, con todas as atribucións profesionais recoñecidas pola lexislación vixente. Permite adquirir as competencias de calquera das tres especialidades da profesión: Construcións Cívicas, Hidroloxía e Transportes e Servizos Urbanos. Os titulados en este grao teñen o recoñecemento a nivel europeo, así como o selo internacional de excelencia en Enxeñaría EUR-ACE®.

Tipo Presencial

Área Enxeñaría e Arquitectura

Centro Escola Politécnica Superior de Enxeñaría
Rúa Benigno Ledo
27002 Lugo
eps.secretaria.direccion@usc.es

Campus Lugo

+info www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/grao-enxenaria-civil
+34 982 823 011

Presentación

Duración: 4 anos

Prezo: UE: 900 € aprox. / curso

Non UE: 5.200 € aprox. / 1º curso consultar

Número de prazas: 45

Nota de corte: 5,170

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos distribuídos en 60 créditos de formación básica, 144 de materias obrigatorias, dos cales 12 se corresponden co TFG, e 36 créditos optativos a cursar dos 115,5 créditos ofertados. Para obter o título é preciso completar os 240 créditos cubrindo as competencias de polo menos unha das tres especialidades da titulación.

Este grao ostenta o Selo de Calidade internacional EUR-ACE® para titulacións de enxeñaría e ademais se atopa dende 2017 nos primeiros postos das titulacións españolas no ámbito da enxeñaría civil e de obras públicas segundo o ranking independente elaborado pola Fundación BBVA e o IVIA.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. O Servizo de Relacións Exteriores xestiona os diferentes programas de intercambio existentes con outras universidades nacionais (SICUE), europeas (ERASMUS) e extracomunitarias (con países de América Latina ou países de fala inglesa). Os/as estudantes poderán obter recoñecemento académico ata un máximo de 6 créditos optativos pola realización de prácticas externas relacionadas co título, así como realizar prácticas extracurriculares ata un máximo de 30 ECTS, que poden desenrolarse no estranxeiro.



Os graduados en Enxeñaría Civil desenvolven labores imprescindibles de servizo á sociedade, encamiñadas ao desenvolvemento social, xa que adquiren unha formación integral para a planificación, proxecto, construción e conservación das infraestruturas básicas do transporte (estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos...), para o mantemento e conservación dos recursos hidráulicos e enerxéticos, para a realización de estudos de planificación territorial e dos aspectos ambientais relacionados coas infraestruturas, para a loxística do transporte de persoas e mercadorías e para a ordenación do territorio e a urbanización do espazo público urbano.

